



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Ponal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL CELEBRADA O 24 DE NOVEMBRO DE 2020**

En Laxe, sendo as 14:00 horas do día 24 de novembro de 2020, reúnen-se, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dna. Raquel Lema Allo (PP)  
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)  
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)  
Don Francisco Charlín Oróns (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)  
Dna. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)  
Dna. Bárbara Varela Álvarez  
Don Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto)

Non asisten os seguintes concelleiros:  
Don Diego Soto Pereiro (PP)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Seguidamente, procédese a, deliberar sobre a seguinte

#### **ORDE DO DÍA:**

#### **1.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SUSTENTABLE (PACES) DESTE CONCELLO DE LAXE.**

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Aprobación polo pleno do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Laxe.**  
**Expediente Municipal: 2020/A003/000003**

*Un dos problemas ambientais primordiais a que se enfronta a nosa sociedade na actualidade é a loita contra o cambio climático. A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar as autoridades locais e os cidadáns no desenvolvemento e na aplicación da política enerxética da Unión Europea.*

*A partir do éxito do Pacto dos alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors’ Adapt. O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores.*

*O Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando pola súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a el, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e alcanzable.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES), nun prazo máximo de dous anos desde a data de adhesión. O PACES inclúe un inventario de referencia de emisións (IRE) e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático. Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

### **O Concello de Laxe adheriuse ao Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable o 26/09/2019.**

Con data de 01/09/2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático notificou a este concello a concesión dunha subvención de 4.000€ para a elaboración e redacción do Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES), que deberá estar rematado antes do 30 de novembro de 2020.

O Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) foi elaborado pola empresa concesionaria ENER GAL, Eficiencia Enerxética de Galicia S.L., e presentado ao Concello a inicios de novembro de 2020.

Como requisito obrigatorio o PACES do Concello de Laxe debe ser aprobado previamente polo Pleno Municipal ante de ser colgado na plataforma europea do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía.

Por tal motivo, formúlase a seguinte proposta ao Pleno da Corporación

### **PROPOSTA**

Aprobar o Plan de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Laxe redactado polo enxeñeira ambiental Catuxa Quintela Díaz da empresa ENER GAL, EFICIENCIA ENERXÉTICA E AMBIENTAL DE GALICIA.

En Laxe (A Coruña), a 19 de novembro de 2020.

O Alcalde

José Luis Pérez Añón.-“

Don José Manuel Mouzo Castiñeira voceiro do PSdeG PSOE maniféstase dacordo coa proposta.

Indica Don Xosé Manuel Pose Lema, representante do BNG e integrante do Grupo mixto, que vaise absterer ante a imposibilidade de examinar o documento posto que no foi adxunto a convocatoria, recordando a necesidade de envío deste tipo de expedientes para poder examinalos con tempo.

Tras breves aclaracións do expediente, indicando o sr. Alcalde que no documentoponse de manifesto medidas de aforro enerxético para cumprir coas directrices da Unión Europea, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 9** [5 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 1** [(1 do Grupo Mixto, representante do BNG Don Xosé Manuel Pose Lema)].

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

**Primero:** Aprobar o Plan de Acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) do Concello de Laxe redactado pola enxeñeira ambiental Catuxa Quintela Díaz da empresa ENER GAL, EFICIENCIA ENERXÉTICA E AMBIENTAL DE GALICIA.



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **2.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS EXPEDIENTE N°21/2020. N°2020/T002/000021**

Sómetese á consideración do Pleno a seguinte proposta de Alcaldía:

*“Considerando que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, pola Alcaldía propúxose a concesión dun suplemento de crédito financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.*

*Considerando que con data 18 de novembro de 2020, emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.*

*Considerando que na mesma data, emitíuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir, así como informe de Intervención polo que se informou favorablemente a proposta de Alcaldía*


*Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno a adopción do seguinte.*

#### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2020/T002/000025 na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

#### **Suplemento en aplicacións de gastos**

*Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:*

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito anteriores a exp. Nº 2020/T002/ 000025	Suplemento de Crédito	Créditos finais
Progr.  Económica						
454	61900	Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	8.512,11	102.260,37€	18.283,53	129.056,01
1531	21000	Acceso a núcleos de poboación. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais.	4.000,00	16.472,33€	17.967,07	38.439,40
1531	62500	Acceso a núcleos de poboación. Mobiliario	600,00		6.189,76	6.789,76
165	22799	Alumeado Público. Outros traballos realizados por empresas e profesionais	47.029,14		17.000,00	64.029,14
920	62600	Administración Xeral. Euipos para procesos da información	0,00		1.600,00	1.600,00
135	21400	Protección civil. Reparacións, mantemento e conservación elementos de transporte	2.000,00		2.205,64	4.205,64
311	22199	Protección da salubridade pública. Outros subministros	5.000,00		1.000,00	6.000,00
320	22700	Adminsitración Xeral de educación. Limpeza e aseo	12.427,05		2.141,70	14.568,75
334	22000	Promoción cultural. Material de oficina ordinario no inventariable.	0,00		400,00	400,00
<b>TOTAL</b>					<b>66.787,70</b>	

Documento electrónicoinado dixitalmente cuxa integridade próntese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo. Código de Verificación Dixital (CVD) especificado en: [http://www.sedelectronica.gal](#) (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación: económica		Descripción	Euros
Cap. Art. Conc.			
87000		Remanente de tesourería para gastos xerais	66.787,70
		<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>66.787,70</b>

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

**SEGUNDO.** Modificar o anexo de inversión nas partidas do capítulo sexto afectadas pola modificación orzamentaria.

**TERCEIRO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Don José Manuel Mouzo Castiñeira voceiro do PSdeG PSOE, solicita copia dos gastos que implica o expediente. Tras breves aclaracións do expediente, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 10** [5 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Francisco Charlín Oróns e Don Eulogio Constantino Castiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Dna. Bárbara Varela Álvarez, Don Fabián José Romar Lema e Dna. Consuelo Lemus Insua) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**


**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2020/T002/000025 na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, como segue a continuación:

### Suplemento en aplicacións de gastos

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito anteriores a exp. Nº 2020/T002/ 000025	Suplemento de Crédito	Créditos finais
Progr.  Económica						
454	61900	Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	8.512,11	102.260,37€	18.283,53	129.056,01
1531	21000	Acceso a núcleos de poboación. Reparación, mantemento e conservación de infraestruturas e bens naturais.	4.000,00	16.472,33€	17.967,07	38.439,40
1531	62500	Acceso a núcleos de poboación. Mobiliario	600,00		6.189,76	6.789,76
165	22799	Alumeado Público. Outros traballos realizados por empresas e profesionais	47.029,14		17.000,00	64.029,14
920	62600	Administración Xeral. Euipos para procesos da información	0,00		1.600,00	1.600,00
135	21400	Protección civil. Reparacións, mantemento e conservación elementos de transporte	2.000,00		2.205,64	4.205,64
311	22199	Protección da salubridade pública. Outros subministros	5.000,00		1.000,00	6.000,00
320	22700	Adminsitración Xeral de educación. Limpeza e aseo	12.427,05		2.141,70	14.568,75
334	22000	Promoción cultural. Material de oficina ordinario no inventariable.	0,00		400,00	400,00
<b>TOTAL</b>					<b>66.787,70</b>	

Documento electrónico firmado digitalmente cuya integridade próntese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo. Código de Verificación Dixital (CVD) especificado en: [http://www.sedelectronica.gal](#) (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### Suplemento en Concepto de Ingresos

Aplicación: económica		Descripción	Euros
Cap. Art. Conc.			
87000		Remanente de tesourería para gastos xerais	66.787,70
		<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>66.787,70</b>

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.
- A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

**SEGUNDO.** Modificar o anexo de inversión nas partidas do capítulo sexto afectadas pola modificación orzamentaria.

**TERCEIRO.** Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Rematado o obxecto da presente sesión, o sr. alcalde da por finalizada, sendo ás 14:10 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando a continuación e neste momento e connigo o lltmo. Sr. Alcalde-presidente para que, unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.